



CONCELLOS

FOZ

Anuncio

O Concello Pleno en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 13 de febreiro de 2015, acordou aprobar a proposta de convenio de colaboración marco para a encomenda de xestión do obradoiro de emprego "Pardo de Cela II" integrado polos Concellos de Foz, Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo ao Concello de Foz, que a continuación se transcribe:

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "PARDO DE CELA II DOS CONCELLOS DE FOZ, VALADOURO, ALFOZ E MONDOÑEDO" AO CONCELLO DE FOZ.

No Concello de Foz , a.....de....., de 2015.

REUNIDOS:

Os Sr.es. Alcaldes/ás dous seguintes Concellos:

CONCELLO DE FOZ, -----
CONCELLO DE ALFOZ -----
CONCELLO DE O VALADOURO -----
CONCELLO DE MONDOÑEDO -----

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).-

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto.-

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.-

Segundo.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.-

Terceiro.- Con data 13 de xaneiro de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 7 a Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 e a corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG nº 16 do 26 de xaneiro de 2015). Tendo en conta a realidade sociodemográfica dos Concellos de Foz, Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo as catro Administracións aprecian a necesidade de realizar un obradoiro de emprego conxunto que abrangue o respectivos ámbitos territoriais dadas as evidentes necesidades de mellorar a formación e a ocupabilidade das persoas desempregadas da zona mediante a realización de obras de interese social que activen o

desenvolvemento territorial. Estes programas, ademáis de formar a persoas de idades iguais ou superiores aos 18 anos, desempregados, nas especialidades formativas que se imparten permítéselles adquirir experiencia profesional e acadar formación en varias materias.-

A estas importantes finalidades, engádesa a conservación e, recuperación de espazos públicos e a execución de obras para todos os cidadáns.-

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns e cidadás en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos, delegando a xestión no Concello de Foz.-

Quinto.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa.-**

Sexto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes **ACORDAN FORMALIZAR UN CONVENIO PARA ENCOMENDAR A XESTIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO DENOMINADO "PARDO DE CELA II DOS CONCELLOS DE FOZ, ALFOZ, O VALADOURO E MONDOÑEDO" AO CONCELLO DE FOZ** e segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do obradoiro de emprego obxecto de encomenda ao Concello de Foz, e nos termos da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar.-

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial do obradoiro de emprego será o correspondente aos termos municipais de Foz, Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo.-

Terceira.- Xestión do obradoiro.-

O Concello de Foz será o responsable técnico e administrativo da xestión do obradoiro de emprego, de conformidade co establecido na Orde do 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG nº 7 do 13 de xaneiro de 2015). E a corrección de erros da Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG nº 16 do 26 de xaneiro de 2015).-

A tal efecto, o Concello de Foz procederá a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Neste sentido, os Concellos de Alfoz, O Valadouro e Mondoñedo delegarán no Concello de Foz as súas facultades para a tramitación administrativa do expediente en nome dos catro Concellos ante a Consellería de Traballo e Benestar.-

Cuarta.- Prácticas formativas: obras concretas a realizar nos tres Concellos.-

Os alumnos e alumnas recibirán formación profesional para o emprego, segundo o plan formativo incluído na memoria do obradoiro de emprego, alternándoa coa práctica profesional.

Os catro Concellos aprobarán as actuacións concretas a realizar no seu Concello e o proxecto de obradoiro conxunto. Asemade, certificarán a dispoñibilidade dos bens nos que se desenvolverán as actuacións. **As prácticas a realizar consistirán na realización das seguintes obras e servizos:**

A) "RESTAURACIÓN AMBIENTAL DA CONCA DOS RIOS OURO E DE MOUCIDE NOS CONCELLOS DE ALFOZ, FOZ E O VALADOURO":

O principal obxectivo é a conservación, promoción e mellora do entorno natural mediante actuacións selvícolas adecuadas para a restauración ambiental da zona de actuación e o acondicionamento de zonas verdes, debido ó seu carácter público e que teñen un uso deportivo de esparcemento, recreo, ocio e benestar para a poboación.-

Nas concas do Río Ouro e do Moudide, actuarase na ribeira e na zona de servidume.-

Actualmente os ríos citados presentan un estado de abandono casi xeralizado salvo nas zonas onde xa se actuou no Obradoiro de Emprego Pardo de Cela (ano 2014), complementando de esta forma o traballo xa

iniciado durante dito Obradoiro de Emprego. Estas zonas presentan abundantes matogueiras compostas por silvas e outros matorrais, así como outros materiais desechables no propio cauce (pés de árbores derribados polo vento ou descalzados polas enchentes) que obstaculizan o cauce normal das augas, perxudicando deste xeito o normal desenvolvemento da flora e fauna, e causando graves prexuízos no caso de enchentes. Por outra banda, as márxenes e a zona de servidume, presentan un estado de semiabandono cheas de maleza e matogueiras que impiden o tránsito a aquelas persoas que queren disfrutar destes lugares como poden ser pescadores ou senderistas. En moitas destas zonas o tránsito é dificultoso ou imposible.-

A conca do Río Ouro esténdese dende o seu nacemento no Cadramón no Concello de O Valadouro, discorrendo pola parroquia de Frexulfe (O Valadouro); polas parroquias de Lagoa, Mor, O Castro, Carballido e Bacoí (Concello de Alfoz); e polas parroquias de San Acisclo, Santa Cilla e Fazouro do Concello de Foz. Trátase do principal elemento vertebrador dos concellos de O Valadouro, Alfoz e Foz.-

O Río Moudide nace na parroquia do seu mesmo nome no Concello de O Valadouro e polas parroquias de Cordido e Cangas do Concello de Foz.-

No cauce principal do Río Ouro, actuarase dende a ponte de Concarras, na estrada provincial LU-0101, na parroquia de O Cadramón (O Valadouro), hasta a confluencia co Rego do Muíño, no comezo da ría de Fazouro (Foz), pasando polo concello de Alfoz; exceptuando un tramo duns 4 quilómetros dende a Ponte de A Senra en San Acisclo hasta a presa de Fontao na parroquia de Santa Cilla, de donde sae o canal de captación de auga para estación depuradora de Foz, xa que ese tramo encontrase nun estado óptimo o levárense a cabo as pertinentes labores de desbroce e limpeza no Obradoiro de Emprego anterior.-

A lonxitude total do tramo de actuación no Río Ouro é de 23,4 km.-

Ademais tamén se actuará en algúns dos afluentes do Río Ouro:

No Río Ferreira desde a confluencia co rego da Guinda, na parroquia de Vilacampa hasta a súa unión co Río Ouro, na parroquia de Mor (Alfoz), nunha lonxitude de 8,4 km.-

No Rego Val dos Internos, dende a Poza da Onza na parroquia de Budián (Concello de O Valadouro), hasta o lugar de Os Casás, na parroquia de A Laxe (O Valadouro), e dende o límite dos concellos de O Valadouro e Alfoz hasta a súa confluencia co Río Ouro, nunha lonxitude de 5,5 km.-

No Rego de Adelán actuarase dende a gasoleira de Adelán, na parroquia de Adelán (Alfoz) hasta o lugar de Facelude, na parroquia de Carballido (Alfoz), nunha lonxitude de 3,5 km.-

No Rego Beloi se levará a cabo a actuación dende o lugar de Portodereito, na parroquia de Lagoa (Alfoz), hasta a súa confluencia co Río Ouro no lugar de Carrocide, parroquia de Lagoa (Alfoz), nunha lonxitude de 3 km.-

No Rego Bao actuarase no tramo que vai dende o límite dos concellos de Alfoz e O Valadouro hasta a súa desembocadura no Río Ouro, na parroquia de Lagoa (Alfoz), cunha lonxitude de 1,5 km.-

No Río Moudide preténdese actuar dende o seu nacemento no lugar de A Barreira, parroquia de Moudide (O Valadouro), hasta a súa desembocadura en Riosmar, parroquia de Cangas (Foz). Nunha lonxitude total de 10,3 km.-

A lonxitude total dos cauces nos que se pretende intervir é de 55,6 km. Estímase unha actuación de cinco metros (ribeira e zona de servidume) a cada lado dos mesmos, polo tanto a superficie total de actuación será de 556.000 m² (=55,6 ha).-

A actuación consistirá na limpeza e desbroce da masa vexetal das márxenes e retirada de elementos non biodegradables arrastrados polas enchentes do río e depositados a ambas manees e no propio cauce. Tamén se cortarán todas aquelas árbores derrubadas, inclinadas, mortas ou moribundas, ou desprendidas das manees e que invaden os cauces dos nos e regos, podendo formar embalsamentos de auga e desbordamentos; se retirarán e se transportarán a vertedoiro autorizado.-

Estos traballos levaranse a cabo mediante a utilización de desbrozadoras manuais, motoserras e ferramentas manuais de corte.-

B) "MELLORA E MANTEMENTO DE PARQUES, XARDÍNS E ESPAZOS URBÁNS NOS CONCELLOS DE ALFOZ, FOZ E MONDOÑEDO":

C)

Nos parques, xardíns, zonas verdes e áreas recreativas realizaranse labores de poda, sega, aboado e plantación de arbustos e plantas anuais e vivaces, así como reposición de pezas do mobiliario urbán dañadas, e traballos de limpeza e pintura todas aquelas pezas que o necesiten.-

As distintas zonas de actuación sitúanse nos núcleos urbáns dos términos municipais de Alfoz, Foz e Mondoñedo.-

En **Alfoz** realizaranse labores de mantemento e poda no Parque Alcalde José Palmeiro e nas áreas recreativas de A Pontenova na parroquia de San Pedro de Mor, en Barbeito na parroquia de Carballido e no Entorno da Fortaleza de Pardo de Cela en O Castro.

E se realizarán traballos de mantemento e conservación do mobiliario urbano presente nas áreas recreativas situadas en A Pontenova, Barbeito e o Parque José Palmeiro.

En **Foz** levaranse a cabo labores de mantemento dos elementos vexetais presentes no Campo da Cabana, Zona da Rapadoira, Parque Conde de Fontao e Parque Uxio Novo Neira.-

Ademáis realizaranse obras de mantemento no mobiliario urbán dos seguintes espazos: Parques en Plaza Conde de Fontao, entorno da casa do Mar, Uxio Novo Neira, A Rapadoira, As Torres, Entorno da Piscina e Vilaxoane. Tamén se actuará na sinalización vial horizontal en vías de propiedade municipal.-

En **Mondoñedo** as actuacións consistirán na realización de labores de mantemento do mobiliario urbán presente na Alameda dos Remedios, na Praza do Seminario, no Parque Infantil Trapero Pardo e no Barrio dos Muiños. Así como traballos de mantemento de elementos vexetais nesas mesmas zonas.-

Na Alameda dos Remedios atópanse un total de 15 bancos de estrutura metálica con listóns de madeira vernizada; na Plaza do Seminario hai dous conxuntos compostos por tres bancos cada un de pés metálicos e táboas de madeira, similares a outros catro bancos existentes no Barrio dos Muiños. No Parque Infantil Trapero Pardo existe un banco de madeira corrido de 52 metros lineais. Os traballos consistirán en substituír todas aquelas táboas de madeira que estén danadas, ben sexa podres ou rotas, por outras novas similares. Os vernices e pinturas das táboas dalgúns destes bancos tamén presentan deterioramentos polo que se lixarán e se "es aplicarán de novo pinturas sintéticas ou Jaxures. Do mesmo xeito se actuará na estrutura metálica dos bancos, eliminando as pinturas danadas e aplicando esmaltes satinados.-

Quinta.- Selección do alumnado-traballador.-

Un grupo de traballo mixto, formado por representantes da Consellería de Traballo e Benestar e do Concello de Foz, determinará o perfil das persoas candidatas, os baremos e probas que poidan aplicase. A selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego ou actividade pola correspondente oficina de emprego, debendo ésta observar, como requisitos mínimos que deben cumpri- r as persoas candidatas preseleccionadas os establecidos no artigo 11 da Orde do 30 de decembro de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar.-

As persoas seleccionadas como alumnado traballador serán contratadas(contrato de traballo para a formación e aprendizaxe) polo Concello de Foz, dende a súa incorporación ao proxecto. Os contratos de traballo formalizará- nse por escrito no modelo oficial correspondente, debendo facerse constar a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán rexistrados na oficina de emprego, indicando a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e no seu caso o número da oferta de emprego utilizada.-

Sexta.- Selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio.-

Na selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, un grupo de traballo mixto establecerá o procedemento selectivo, podendo utilizar oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, convocatoria pública ou ámbalas dúas.-

Asemade, corresponderá- lle a este grupo de traballo mixto determinar o perfil, as características, e os requisitos que van a cumpri- r as persoas candidatas, elaborar as convocatorias, establecer os baremos e, se é o caso, as probas que poidan aplicarse.-

A selección definitiva deberáse realizar entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública, se é o caso, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto. Terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións, de cumprimento do perfil requirido, se atopan en situación de desemprego.-

O Concello de Foz contratará ao persoal directivo, docente e administrativo de apoio que fose seleccionado e figure como tal nas actas do grupo de traballo mixto.-

Os contratos de traballo formalizará- nse por escrito no modelo oficial correspondente, debendo facerse constar a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e, se é o caso, o número da oferta de emprego utilizada. Serán rexistrados na oficina de emprego, indicando a súa pertenza ao programa de obradoiros de emprego, a denominación do proxecto para o que se formaliza e no seu caso o número da oferta de emprego utilizada.-

Sétima.- Comisión de seguemento.-

Para o seguemento e control do cumprimento do presente convenio constituiráse una comisión integrada por un representante de cada unha das Administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos Alcaldes-Presidentes. As súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do obradoiro.
- A resolución de calquera incidencia que poida xurdir.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución do convenio por incumprimento.
- Calquera outra relacionada coa xestión do obradoiro.

Oitava.- Aspectos económicos e financiamento.-

Cada Concello sufragará con fondos propios a parte non subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar das obras realizadas no seu territorio, transferindo ó Concello de Foz os fondos necesarios ó efecto.-

Novena.- Vixencia do Convenio.-

A vixencia do presente convenio estará condicionada, en todo caso, á efectiva concesión da subvención para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da CCAA de Galicia para o ano 2015 ao abeiro da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar. O convenio estará vixente durante a totalidade da duración do obradoiro de emprego., e non admitirá prórrogas. O presente convenio entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa publicación no Boletín Oficial correspondente.-

Décima - Natureza do Convenio.-

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.-

Undécima.- Normativa aplicable.-

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Duodécima- Xurisdición competente.-

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.-

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento "-.

O que se fai público ao abeiro do disposto no artigo 8.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.-

En Foz (Lugo) a, 16 de febreiro de 2015.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0678

LUGO**Anuncio**

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 29 de decembro de 2014, polo que se aprobou a forma de adxudicación por procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACION NAS RUAS DO POLIGONO INDUSTRIAL DO CEAO

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACION NAS RUAS DO POLIGONO INDUSTRIAL DO CEAO

b) **Prazo de execución da obra:** CATRO MES contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo da obra

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

4. **Valor estimado do contrato** ascende a 655.785,12 euros IVE excluído.

5.- Orzamento máximo da obra (tipo de licitación):

Prezo de licitación: 793.500 euros IVE incluído

6.- Garantías definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE para cada lote

7. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-01.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

8.- Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación do contratista: Grupo G, subgrupo 4, categoría d

b) Outros requisitos: Os sinalados no prego de cláusulas administrativas

9.- Obrigas contractuais esenciais e condicións esenciais de execución:

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas (art. 227 y 228. bis TRLCSP)

Este contrato inclúe obrigas contractuais esenciais prevista na cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas.

10.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados a partires do día seguinte ó da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula decima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta : dous meses.

11.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural posterior o remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

12.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

13.- Gastos dos anuncios: 147,16 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 9 de xaneiro do 2015.- O ALCALDE, 8ª. TENENTA-ALCALDE DA AREA, POR SUPLENCIA DA TITULAR DA AREA DE ECONOMIA, EMPREDEMENTO, AUTONOMOS E EDUCACION. Rosana Rielo Rozas

R. 0679

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 13 de febreiro de 2015,adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-APROBAR AS BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE XEFE DE SERVIZOS Á CIDADANÍA NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2011 que se transcriben a continuación:

A) NORMAS XERAIS.

1. OBXECTO.

1.1. As presentes bases rexerán a selección para a provisión en propiedade dunha praza vacante de funcionario de carreira do Concello de Monforte de Lemos, incluída na oferta de emprego público do ano 2011 publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 117 de 20/06/2011, e que é a seguinte:

PRAZA	Nº
Xefe/a de Servizos a Cidadanía.	1

O sistema de selección en quenda de promoción interna das persoas aspirantes será o de concurso.

1.2. As Bases da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello (www.monfortedelemos.es). O anuncio da convocatoria será publicado no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

2. REQUISITOS DOS CANDIDATOS.

2.1. Para ser admitidos no proceso selectivo, os aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

2.1.1. Nacionalidade: Cúmprase este requisito nos seguintes casos:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

2.1.2. Idade: Ter cumprido dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

2.1.3. Titulación: Estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao, ou equivalente: título oficial esixido para o ingreso ou copia autenticada e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte).

2.1.4. Antigüidade: As persoas aspirantes deberán ter o día de finalización do prazo de presentación de instancias, a condición de funcionario de carreira do Concello de Monforte de Lemos e unha antigüidade de, a lo menos, dous anos de servizos ao Concello de Monforte de Lemos como funcionario/a de carreira na categoría de axente a cidadanía, subescala servizos especiais da escala da administración especial

2.1.5. Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.1.6. Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas.

2.1.7. Pagamento taxa dereito exame: Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de exame de conformidade coa ordenanza fiscal en vigor na c/c de ABANCA ES 96-2080- 0126-20-3110000019. De acordo coa mencionada ordenanza fiscal, a non presentación ás probas selectivas ou a exclusión do aspirante das mesmas non dará lugar á devolución da taxa. No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude de participación no correspondente proceso selectivo, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza á que opta. A cantidade a aboar en concepto de dereitos de exame, en función da praza á que opte, é a seguinte:

- Prazas integradas no grupo C, subgrupo C2: 52,43€.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá a substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

2.1.8. Calquera outro requisito que se fixe na parte específica da convocatoria.

3. SOLICITUDES.

3.1. As persoas interesadas en tomar parte no proceso selectivo terán que facelo constar en instancia segundo modelo que se incluírá como anexo da parte específica e que será facilitada nas dependencias municipais e na páxina web do Concello (www.monfortedelemos.es).

3.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá achegarse á instancia a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
 - Fotocopia compulsada ou acreditación do requisito da titulación de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao, ou equivalente
 - Certificación da condición de funcionario de carreira do Concello de Monforte de Lemos e unha antigüidade de, a lo menos, dous anos de servizos ao Concello de Monforte de Lemos como funcionario/a de carreira na categoría de axente a cidadanía, subescala servizos especiais da escala da administración especial
 - Xustificante do aboamento da taxa de exame.
 - Documentación a entregar para a baremación da fase de concurso:
 - Orixinal ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que posúan. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. Para a xustificación dos méritos o aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lle facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.
- O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos expostos.
- Como excepción, se o mérito que se alega é ter prestados servizos no Concello de Monforte de Lemos, bastará con facelo constar na solicitude indicando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o departamento, servizo ou unidade en que se prestaron. No caso contrario deberase achegar a correspondente certificación dos servizos prestados por parte do aspirante.

3.3. O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte días naturais, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O horario do Rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

3.5. Os aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33%, que precisen de adaptacións de tempo ou medios de realización dos exercicios co fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de participantes, deberán facelo constar na solicitude, achegando certificación acreditativa de tal condición.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde resolverá aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos de exclusión, así como a designación do tribunal cualificador. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, sito no Campo de S. Antonio s/n e, de forma complementaria na páxina web do Concello (www.monfortedelemos.es) concedéndose un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web do Concello, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais.

A publicación de dita resolución na páxina web do Concello será determinante para efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade coa lexislación vixente.

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións se non as houbera. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa. A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, sito no Campo de S. Antonio s/n e, de forma complementaria, na páxina web do Concello, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación e a hora, lugar e data en que se constituirá o tribunal e darán comezo as probas do correspondente proceso selectivo.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

5. TRIBUNAIS.

5.1. O tribunal será colexiado e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ás prazas convocadas. Os membros do tribunal deberán ser funcionarios de

carreira no caso de procesos selectivos de funcionarios de carreira, e funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo no caso de procesos selectivos de persoal laboral fixo. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Tenderase á paridade entre muller e home.

5.2. O tribunal estará composto por un presidente, tres vogais e un secretario, publicándose a súa composición consonte o disposto na punto 5º coa lista provisional de admitidos e excluídos a cada proceso selectivo. O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

5.3. Poderase dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que se estimen pertinentes, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de asesores especialistas figurará, no seu caso, na parte específica que se aproben en cada convocatoria.

5.4. Os membros do tribunal terán que absterse de intervir, notificando está circunstancia ao alcalde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores a publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.5. O tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do presidente, o secretario e un vogal.

5.6. Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.7. Aos membros e asesores do tribunal se lles aboarán asistencias, de acordo co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

6.1. A selección rexeráse polos seguintes criterios:

6.1.1. A promoción interna consiste no ascenso dende corpos ou escalas dun grupo de titulación a outro do inmediato superior, ou no ascenso a corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación, sempre que se trate de prazas de contido similar e se faga constar nas bases reguladoras do proceso selectivo.

6.1.2. Réxime de promoción interna:

6.1.2.1. Poderán participar nas probas de promoción interna o persoal municipal deste Concello de Monforte de Lemos, que non se atope en situación administrativa de suspensión firme, sempre que teña unha antigüidade de polo menos 2 anos no corpo ou escala á que pertencen o día da finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, e posuír a titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ao corpo ou escala en cal aspiran ingresar.

6.1.2.2. Establécese como sistema de promoción o de concurso que se xustifica en atención ás funcións do posto a desenvolver e se exceptiona polas características de quen pode presentarse segundo se establece no artigo 4 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso e normativa concordantes de aplicación.

6.1.2.3. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características de cada praza entre os que están:

- A experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas relacionadas coas funcións da praza convocada.
- A formación profesional acreditada con cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo.
- A formación académica, non esixida para o ingreso, que, a xuízo do tribunal, acredite unha maior formación profesional relacionada co desenvolvemento do posto de traballo.

Así mesmo, na valoración dos méritos terase en conta o disposto no artigo 38 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Nesta fase só se valorarán e cualificarán os méritos alegados e xustificados que figuren incluídos na parte específica puntuándose de conformidade co baremo sinalado nestas.

6.1.2.4. No caso de empate, este resolverase a favor do aspirante de maior antigüidade; de persistir a favor do de maior idade.

7. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

- 7.1. No prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia da persoa que superou o proceso selectivo, ésta, deberá presentar no Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:
 - 7.1.1. Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos lados, ou acreditación da nacionalidade.
 - 7.1.2. Título oficial esixido para o ingreso ou copia autenticada e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte).
 - 7.1.3. Certificado das persoas aspirantes á praza de ter a condición de funcionario de carreira do Concello de Monforte de Lemos e unha antigüidade de, a lo menos, dous anos de servizos ao Concello de Monforte de Lemos como funcionario/a de carreira na categoría de axente a cidadanía, subescala servizos especiais da escala da administración especial
 - 7.1.4. Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de posterior recoñecemento.
 - 7.1.5. Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas. Os nacionais doutros estados deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
 - 7.1.6. Declaración baixo a súa responsabilidade de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a mesma.
 - 7.1.7. Fotocopia da cartilla da seguridade social e número de conta bancaria.
 - 7.1.8. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos, que no seu caso, sexan esixidos nas bases que rexan cada convocatoria.
- 7.2. Quen tivese a condición de empregado público, estará exento de xustificar documentalmente os requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, tendo que presentar certificación da administración pública da que dependa, na que se acredite a súa condición.
- 7.3. Quen dentro do prazo fixado, e salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade.

8. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA. TOMA DE POSESIÓN.

Concluído o proceso selectivo, a persoa proposta, que en ningún caso poderán exceder o número de prazas convocadas, serán nomeados funcionarios de carreira por resolución do alcalde unha vez xustificando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento: previamente deberán prometer o xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Os funcionarios municipais que sexan nomeados para a provisión dunha praza polo sistema de promoción interna deberán tomar posesión da mesma no prazo de dez días contados dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

Por dilixencia, farase constar na toma de posesión a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo da toma de posesión.

9. RÉXIME XURÍDICO.

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local; o Texto refundido da lei de función pública de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de

marzo; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; e demais disposicións.

10. RECURSOS

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa segundo corresponda.

Así mesmo, a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

B) PARTE ESPECÍFICA

UNHA PRAZA DE XEFE DE SERVIZOS Á CIDADANÍA

PRIMEIRA.- NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.

Convócase unha (1) praza de Xefe de Servizos a Cidadanía, encadrada dentro da subescala de servizos especiais da escala de administración especial, e integrada no grupo C, subgrupo C2, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas retribucións complementarias correspondentes ao posto aos que se adscribe a praza.

SEGUNDA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema selectivo será o de concurso restrinxido mediante o procedemento de promoción interna horizontal, entre os axentes de servizo á cidadanía, Grupo C, subgrupo C2.

TERCEIRA.- FASE DO CONCURSO.

Valoraranse os seguintes méritos alegados e xustificadas polos aspirantes:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA: Ata un máximo de **2 puntos**. Valoraranse outras titulacións académicas distintas das esixidas como requisito para o acceso á praza convocada de acordo co seguinte baremo:

- a. Titulación universitaria superior: 2,00 puntos.
- b. Diplomatura universitaria ou de técnico medio: 1,50 puntos.
- c. Título de técnico superior ou equivalente: 1,00 punto.
- d. Bacharelato, Formación profesional de segundo grao ou equivalente: 0,75 puntos.
- e. Graduado Escolar ou equivalente: 0,50 puntos.

A cualificación máxima por formación académica non poderá superar, en ningún caso, 2 puntos. Non se valorarán aquelas titulacións que fosen requisito para acceder á superior.

2. FORMACIÓN PROFESIONAL: Ata un máximo de **14 puntos**. Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, incluídos os cursos sobre coñecemento do idioma galego, sempre que os cursos fose impartidos por unha Administración Pública, por un centro oficial de formación ou institución homologada para impartir formación profesional continua, e de acordo co seguinte baremo:

1. Cursos de informática e redes de internet para a mellora do servizo, ata un máximo de 5,5 puntos. Por cada hora de curso computarase 0,01 puntos.
2. Cursos relacionados coa xestión da administración Local, para a mellora do servizo. Ata un máximo de 2,5 puntos. Por cada hora de curso se computará 0,01 puntos.
3. Cursos sobre prevención de riscos laborais nos postos de traballo das administracións públicas, ata un máximo de 1 punto.

Por cada hora de curso computarase 0,01 puntos.

4. Coñecementos do idioma galego, ata un máximo de 5 puntos.
 - i. Curso de Nivel Básico: (Iniciación: 1 puntos, Perfeccionamento 2 punto): Máximo 2 puntos.
 - ii. Curso de Nivel Medio Administrativo: 4 puntos.
 - iii. Curso de Nivel Superior ou Especialización: 5 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito

3. EXPERIENCIA PROFESIONAL: Ata un máximo de 26 puntos. A experiencia profesional acreditada puntuarase de conformidade co seguinte baremo:

- a. Por cada mes completo de servizos prestados ao Concello de Monforte de Lemos en posto de igual categoría integrado no mesmo grupo de titulación que a praza convocada, valorarase con 0,10 puntos ata un máximo de 21 puntos.
- b. Por cada mes completo de servizos prestados ao Concello de Monforte de Lemos no mesmo posto da praza convocada, valorarase con 0,10 puntos ata un máximo de 5 puntos.

4. EJERCICIO DE DEREITOS DE CONCILIACIÓN: Ata un máximo de 1,6 puntos. O exercicio de dereitos de conciliación puntuarase de acordo co seguinte baremo:

- a. Por cada quince días naturais completos de utilización nos últimos cinco anos de licenza de maternidade: 0,1 puntos.
- b. Por cada quince días naturais completos de utilización nos últimos cinco anos de licenza de paternidade: 0,1 puntos.
- c. Por cada quince días naturais completos de utilización nos últimos cinco anos de redución de xornada ou excedencia por coidado de familiares: 0,1 puntos.

En Monforte de Lemos a 13 de febreiro de 2015.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz

R. 0680

PORTOMARÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de data 05 de Xaneiro de 2015, acordouse a adhesión do Concello á Plataforma Electrónica FACe - "Punto Xeral de Entrada de Facturas electrónicas da administración do Estado".

Nas bases de execución do presuposto para o ano 2015, aprobadas polo Pleno na sesión do 18 de decembro de 2014, decláranse excluídas da obriga de facturación electrónica, aquelas facturas por importe de ata 5.000 €.

O que se fai público para xeral coñecemento, de conformidade co disposto na Disposición Adicional sexta da lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público.

Portomarin, a 13 de Febreiro de 2015.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López

R. 0681

VILALBA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizos de Subministración de auga, conservación de contadores, saneamento, canon da auga, coeficiente de vertedura, e recollida de lixo da zona urbana.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, e aprobado en Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de Xaneiro de 2015, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, saneamento, canon da auga, coeficiente de verteduras, e recollida de lixo da zona urbana, correspondente ao 4º trimestre de 2014, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Campo de Puente, nº85 baixo, en horario de 9:00 a 13:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 13:30 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 6 de abril de 2.014, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

VILALBA, 27 DE XANEIRO DE 2.014.- O ALCALDE, GERARDO CRIADO GUIZAN

R. 0682

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL Nº3 DE LUGO

Anuncio

EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000285 /2014

Procedimiento origen: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000227 /2013

Sobre ORDINARIO

DEMANDANTE/S D/ña: EZEKIEL PRINCE RUFUS

ABOGADO/A: MARIA TERESA BURGO GARCIA

DEMANDADO/S D/ña: REGUERA TRANS SL, JULIO REGUERA SANTOS

EDICTO

D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Secretario/a Judicial del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 285/2014 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON EZEKIEL PRINCE RUFUS, contra la empresa "REGUERA TRANS, S. L." y DON JULIO REGUERA SANTOS, sobre ORDINARIO, se ha dictado resolución, cuya parte dispositiva es la siguiente:

PARTE DISPOSITIVA

"Retener los saldos a favor del ejecutado, empresa "REGUERA TRANS, S. L." Y DON JULIO REGUERA SANTOS, en las entidades que se relacionan en la consulta integral realizada, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas, a saber:- 5.914,68 euros (5.376,98+10%), de principal, y la de 1.075,40 euros, presupuestados para intereses y costas.- Librar el/los oficios necesarios en las entidades bancarias y/o de crédito donde se hará constar la orden de retención con los apercibimientos legales que para el caso de incumplimiento de esta orden pudiera incurrir el receptor de la misma quien deberá expedir recibo acreditativo de la recepción de la orden y quien deberá hacer constar las cantidades que el ejecutado, en ese instante, dispusiere en tal entidad. Dicho acuse de recibo será devuelto se remitirá directamente a este órgano judicial.- Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- **MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.- **LA SECRETARIA JUDICIAL,"**

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa "REGUERA TRANS, S. L.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a doce de Febrero de dos mil quince.- **LA SECRETARIA JUDICIAL,**

R. 0683

Anuncio

DOÑA MARÍA ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Secretaria Judicial del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 160/2014 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DOÑA ELENA LÓPEZ TURIA, contra "CARNICERÍA O LABREGO, S. L. sobre DESPIDO, se ha dictado Decreto de fecha 11-02-2015, cuya parte dispositiva es del siguiente tener literal:

"Debo declarar y declaro a la empresa demandada y ejecutada "CARNICERÍA O LABREGO, S.L." insolvente por ahora, en sentido legal, para las resultas de este procedimiento, sin perjuicio de que se hagan efectivas las responsabilidades exigidas si en lo sucesivo mejora de fortuna.

Notifíquese esta resolución a las partes y al Fondo de Garantía Salarial, con la advertencia de que no es definitiva, pudiendo en cualquier tiempo en que se conozcan bienes de la demandada y ejecutada, instar el embargo de los mismos; y archívense por ahora estas diligencias.

Contra la presente resolución cabe interponer RECURSO DE REVISIÓN ante este Juzgado dentro del plazo de TRES DÍAS hábiles a contar desde su notificación, previa consignación del depósito de 25 euros en la cuenta de este Juzgado número 2324/0000/30/0160/14.

Así lo acuerda, manda y firma, la Sra. Doña María Ángeles López Carballo, Secretaria Judicial del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa "CARNICERÍA O LABREGO, S. L.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

LUGO, once de febrero de dos mil quince.- **LA SECRETARIA JUDICIAL**

R. 0684

FÉ DE ERRATAS: Advertido erro na edición do B.O.P. Nº 043 do 23 de febreiro en relación ao anuncio da Confederación Hidrográfica do Miño - Sil, publicado con nº de Rexistro 0665 (Paxina 32)

ONDE DÍ:

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente A/27/24307

DEBE DICIR:

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente A/27/23311